



RESOLUCIÓN DE 28 DE XUÑO DE 2018, DO XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA CORUÑA POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE DATA 21 DE NOVEMBRO DE 2017 (DOG Nº 234, DO 12 DE DECEMBRO), DE VINCULACIÓN TEMPORAL PARA A COBERTURA DE DIVERSAS PRAZAS DA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA PARA OS SERVIZOS SANITARIOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA DA DEVANDITA XERENCIA – ESPECIALIDADE DE FARMACIA HOSPITALARIA – HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA

Con data 15 de xuño de 2018 a Xerencia de Xestión Integrada da Coruña resolveu publicar as puntuacións obtidas polos aspirantes no conxunto das dúas fases das que consta o procedemento establecido na convocatoria de data 21 de novembro de 2017 (DOG nº 234, do 12 de decembro), de vinculación temporal para a cobertura de diversas prazas da categoría de Facultativo Especialista de Área para os servizos sanitarios de atención especializada da devandita Xerencia – Especialidade de Farmacia Hospitalaria (Hospital Virxe da Xunqueira), con apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de reclamacións polos/as aspirantes.

O apartado 4 da Base Sexta da Convocatoria establece que, resoltas as reclamacións, a Comisión de Avaliación elevará o listado definitivo á Xerencia, coa proposta de adxudicación do vínculo a favor daqueles aspirantes que acrediten a maior puntuación.

Emitida a proposta por parte da Comisión de Avaliación, e de conformidade co establecido na Base Sétima da Convocatoria, esta Xerencia de Xestión Integrada

RESOLVE:

Primeiro.- Publicar, como Anexo I, as puntuacións definitivas acadadas polos aspirantes no conxunto das dúas fases de que consta o proceso.

Segundo.- Adxudicar o nomeamento a aquel/a aspirante que acadou a maior puntuación, segundo se recolle no Anexo II.

Terceiro.- Fixar como data de sinatura do nomeamento e incorporación efectiva á praza o día 1 de xullo de 2018.



Contra a presente Resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación.


DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente Resolución nos taboleiros de anuncios da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña

A Coruña, 28 de xuño de 2018

O Director de RR.HH.

Asdo.: Javier Fernández Nistal



A Coruña a 28 de xuño de 2018

O XERENTE DE XESTIÓN INTEGRADA DA

EOXI A CORUÑA



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

Xerencia de Xestión Integrada
A Coruña

XERENCIA

Asdo.- Luis Verde Remeseiro



ANEXO I

RESULTADOS DEFINITIVOS NO CONXUNTO DAS DÚAS FASES

Especialidade: Farmacia Hospitalaria (Hospital Virxe da Xunqueira)

ASPIRANTE	FASE 1 (VALORACIÓN DE MÉRITOS)	FASE 2 (ENTREVISTA)	TOTAL
García Verde, María Jesús	14,74	Non presentada	14,74
López Cortiña, Adrián	14,00	Non presentado	14,00
López Insua, Amanda	14,20	Non presentada	14,20
Martínez Casal, Xavier	29,50	16,00	45,50
Rodríguez Legazpi, Iria	18,38	Non presentada	18,38
Vidal López, Carlos Francisco	33,40	11,00	44,40



ANEXO II

ASPIRANTES SELECCIONADOS/AS

Especialidade: Farmacia Hospitalaria (Hospital Virxe da Xunqueira)

Apelidos e Nome	Centro	Tipo de Vínculo
Martínez Casal, Xavier	Hospital Virxe da Xunqueira	Interinidade en praza vacante